

Como publicar o arquivo de control de legalidade na web do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)

De conformidade co establecido no artigo 74 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais solicita anualmente ás entidades inscritas que cubran e remitan unha declaración responsable de cumprimento dos requisitos legais vixentes.

Dende o ano 2016, é necesario publicar os documentos de control de legalidade comprimidos en formato ZIP. Dentro do arquivo ZIP debe incluír os diversos documentos (declaración responsable en formato Word/LibreOffice Writer, listado de traballadores en formato Excel/Libre Office Calc, listado de usuarios en formato Excel/Libre Office Calc, outros documentos en formato PDF, JPG...).

Debe acceder a <https://benestar.xunta.es/xiacweb/>. É necesario iniciar sesión cos datos identificativos da entidade (usuario e contrasinal).



Se descoñece os datos de acceso, pode solicitalos mediante correo electrónico a soporte-ruepss.politicasocial@xunta.gal. Debe indicar o nome e o CIF da súa entidade, así como o nome e NIF do representante legal.

Acceda á sección “Centros”:



